

# 10. **E**stabilidade **S**ocial

## 10.1 Introducción

A estabilidade, aspecto que se tratará a continuación, alude aos factores socioeconómicos que determinan a cohesión e a paz social na comunidade local. En última instancia, son os fenómenos de segregación espacial entre os distintos grupos sociais os que configuran o modelo de asentamento sobre o territorio e, polo tanto, o impacto xerado por este modelo sobre o medio que lle serve de soporte.

Unha cidade segregada socialmente resulta menos sustentable que unha cidade socialmente estable e con cohesión. Os procesos de segregación espacial erosionan as bases da convivencia social e contribúen á degradación do espazo urbano, fomentando os fenómenos de suburbanización, que resultan lesivos para o ambiente e menos sustentables que os espazos urbanos compactos, de calidade e múltiples na súa representación social.

O estudo dos fenómenos de segregación espacial pódese tratar a través da análise dos principais indicadores socio-demográficos que definen o espazo social. Os indicadores básicos refírense aos procesos de segregación por grupos de idade, lugar de orixe dos habitantes da cidade, niveis de renda e formación, ou tipo de ocupación.

Os fenómenos de segregación espacial teñan por base a idade (poboación maior), renda (pobreza) ou lugar de procedencia (inmigración) e pódense reconducir a través de distintos medios. Entre os máis estratéxicos encóntranse as políticas de vivenda que garanten a diversidade tipolóxica, e as políticas urbanísticas que favorecen a accesibilidade aos servizos e equipamentos para o conxunto da cidadanía.

O acceso aos servizos básicos de vivenda, traballo, educación, cultura, etc., non se mide só polo éxito das políticas e programas desenvolvidos para garantir a maior integración social dos grupos desfavorecidos. Tamén resulta importante para a cohesión social e para evitar a segregación espacial, a proximidade física dos equipamentos, que integre os espazos urbanos marxinais, así como o deseño físico do espazo urbano que facilite o acceso dos peóns a toda a trama urbana e que elimine as barreiras físicas para as persoas con mobilidade reducida.

## 10.2 Demografía


### 10.2.1 Evolución da poboación

O concello de Lugo rexistra un proceso continuo de expansión desde inicios da década dos anos oitenta que lle fixo gañar preto de 17000 habitantes entre 1981 e 2002. Os datos demográficos veñen a confirmar o que apuntan outros indicadores urbanísticos e económicos, que definen a Lugo como o núcleo urbano máis expansivo da provincia.

Ao mesmo tempo, e seguindo pautas semellantes ás do conxunto das áreas urbanas do país, rexístrase un nacente fluxo de poboación estranxeira e un continuado proceso de

envellecemento da poboación, particularmente acentuado no contorno máis rural do concello e nos barrios históricos.

**Gráfico 10.1. Evolución da poboación de Lugo**



	1981	1991	2001	2002
Lugo	72.574	83.242	88.901	89.509

Fonte: IGE. Elaboración propia

### 10.2.2 A estrutura da poboación

O fenómeno demográfico máis destacable das últimas décadas é o progresivo envellecemento da poboación. Segundo os datos achegados polo censo do ano 2001, a poboación maior de 65 anos representaba o 18,8% da poboación de Lugo, mentres que en 1981 representaba o 12,9% do total. Por outra banda, en 1981 a poboación menor de 20 anos representaba o 30,1%, mentres que en 2001 diminuíu a súa presenza ata o 19,31%.

As causas deste progresivo envellecemento da poboación hai que procuralas no acentuado descenso das taxas de natalidade nas últimas décadas. O descenso das taxas de natalidade prodúcese como consecuencia dunha combinación de causas de orixe cultural e socioeconómica. As dificultades para o acceso á vivenda e a inestabilidade laboral pospoñen a natalidade ata idades cada vez máis avanzadas.

**Táboa 10.1 Evolución dos grupos de idade (%)**

ANO	0-19	20-64	>64
1981	30,10	56,91	12,99
1986	27,85	58,14	14,01
1991	25,86	58,57	15,57
1996	22,65	60,05	17,30
1998	21,44	60,69	17,87
1999	20,69	61,06	18,25
2000	20,04	61,45	18,51
2001	19,31	61,89	18,80

Fonte: IGE. Elaboración propia


O envellecemento da poboación vai asociado de maneira inmediata a outros dous fenómenos: o aumento dos pensionistas e das familias unipersoais, polo elevado número de maiores que viven sós. Esta tendencia estritamente demográfica vai acompañada de mudanzas no plano sociolóxico que caracterizan a cara menos amable do asentamento urbano. A deslocalización social e económica dos maiores, xunto coa erosión do modelo de familia extensa, alíanse co envellecemento da estrutura da poboación para aumentar a presión sobre os organismos asistenciais, crecentemente desbordados. A pesar das apreciables melloras en infraestruturas e medios humanos, os problemas asistenciais, sobre todo aqueles relacionados coa terceira idade, tenderán a agravarse no plano demográfico e sociolóxico. A situación tórnase máis complexa se se atende ao déficit actual de prazas nos centros de día e residencia, que ofrecen unha cobertura de 2,78 prazas por cada 100 maiores de 65 anos (*Guía de equipamentos para maiores*. Xunta de Galicia). Atendendo ao rateo mínimo establecido polo Plano Xerontolóxico Nacional de 3,5 prazas por cada 100 maiores de 65 anos, os equipamentos actuais xa son deficitarios.

### Distribución territorial da poboación


Ao envellecemento da poboación e aos fenómenos sociolóxicos a el asociados, únese a compoñente espacial do fenómeno, como se aprecia no mapa adxunto. (VÉXASE MAPA10.1). A concentración espacial da poboación de máis idade erosiona os vínculos sociais dos maiores co conxunto da sociedade e agrava os fenómenos de marxinación social asociados á idade. O centro histórico e as parroquias rurais son as áreas onde máis claramente se aprecia este fenómeno.

O crecemento dos fogares unipersoais que acompaña ao envellecemento da poboación urbana transformárase en pouco tempo na tipoloxía de fogar proporcionalmente máis numerosa, aumentando o reto para a Administración pública da asistencia á terceira idade. As solucións pasan necesariamente pola adopción de modelos innovadores de atención á terceira idade que complementen a súa tarefa con outras accións desenvolvidas no seo do tecido asociativo. Deste xeito, contribúese á cohesión dun tecido social progresivamente debilitado, que aumenta as responsabilidades dunha Administración pública coartada polos déficits orzamentarios no modelo asistencial ortodoxo.

Non obstante, o índice de envellecemento de Lugo, a pesar de ter ascendido nas últimas décadas, mantense sensiblemente por baixo daqueles índices rexistrados a nivel provincial e autonómico, ámbitos xeográficos onde a diminución do rural eleva o índice por riba do das áreas urbanas, especialmente daquelas máis dinámicas como o caso de Lugo.

**Gráfico 10.2 Evolución e comparativa dos índices de envellecemento**


Fonte: IGE. Elaboración propia


**Mapa 10.1 Porcentaxe de poboación maior de 65 anos**

Fonte: INE. Censos 2001.

### 10.2.3 A poboación segundo a súa orixe

Nos últimos anos, en virtude da centralidade da área urbana de Lugo, incrementouse considerablemente o fluxo de inmigrantes estranxeiros, particularmente daqueles de réxime non comunitario.

**Gráfico 10.3 Evolución da poboación estranxeira de Lugo**



ANO	Poboación estranxeira		Totais
	Rex com	Rex. non com	
1998	190	357	547
1999	210	434	644
2000	229	563	792
2001	247	762	1009
2002	261	1.123	1384
2003	288	1531	1819

Fonte: INE. Padróns Municipais de Habitantes (1998, 1999, 2000, 2001, 2002). Elaboración propia


A distinción entre comunitarios e non comunitarios resulta pertinente á hora de avaliar os fenómenos de cohesión e integración social, por canto os estranxeiros non comunitarios, en razón da súa nacionalidade, encontran maiores dificultades de integración polas barreiras legais que en moitos casos limitan os seus dereitos como cidadáns de pleno.

O dinamismo e a prosperidade económica van asociados con fenómenos de inmigración. Así, en Lugo a porcentaxe de poboación estranxeira sufriu un notable incremento nos últimos anos, particularmente de inmigrantes non comunitarios. A inmigración non só constitúe unha fonte de riqueza ao ocupar novos nichos de actividade económica, senón tamén de diversidade e enriquecemento cultural. No entanto, cando os fluxos migratorios non se acompañan de medidas que garantan a plena integración social e económica dos novos cidadáns, con culturas e sistemas de valores diferentes aos da poboación de acollida, tamén poden ser orixe de focos de exclusión e marxinación social. Constitúe un labor de todos evitar que xurdan estes focos de marxinación dos que existen tantos lamentables exemplos e conseguir de Lugo unha cidade integrada e con cohesión.

#### Segregación espacial

O obxectivo da integración social dos novos cidadáns vese favorecido polo reparto territorial da inmigración e a loita contra a concentración espacial dos colectivos inmigrantes, que favorecen a aparición de focos de marxinación, reforzando os procesos de degradación urbana nas áreas de asentamento dos novos colectivos. En Lugo non se aprecian procesos de segregación espacial particularmente acentuados, aínda que se detectan algúns fenómenos de concentración en determinadas áreas da cidade como o suroeste (vella estrada a Santiago, barrios de San Lázaro ou Mesón do Galo), e norte (Gándaras e arredores do polígono de Céao) (VÉXASE MAPA 10.2).

Mapa 10.2 Distribución da porcentaxe de poboación estranxeira





## 10.3 A distribución do ingreso e renda

Entre os impactos máis graves, e máis difíciles de apreciar pola súa lenta evolución e asociación indirecta coa expansión intersticial difusa da cidade, están aqueles que teñen que ver coa perda de tecido social e unha segregación social incipiente pero en aumento, dinámicas máis fáciles de modificar que de corrixir unha vez consolidadas. En efecto, os movementos de poboación non se producen de maneira homoxénea na estrutura da poboación, senón que se encontran influídos por factores demográficos e socioeconómicos. Posiblemente o motivo fundamental da segregación espacial sexa a renda, e é probable que a chegada de poboación inmigrante, de momento escasa pero en aumento, acentúe os escenarios de segregación espacial, con indesexables consecuencias sobre a cohesión social.

Segundo a Enquisa de Condicións de Vida das Familias (IGE), un 53% dos fogares da Comarca de Lugo declara chegar con dificultade ou moita dificultade a fin de mes. Para avaliar esta situación, é preciso analizar a distribución do ingreso e da renda.

### 10.3.1 A distribución da renda

O índice de Gini encárgase, segundo a definición do IGE, de medir a concentración das rendas. Canto máis se aproxime a cero, máis equitativo será o reparto da renda. Na medida en que se aproxime a 1, evidenciará un reparto da renda menos equitativo e máis concentrado.

Segundo este índice (I.G= 0,321), a distribución da renda en Lugo resulta menos equitativa que o da provincia (I.G= 0,293) e a galega (I.G = 0,305). Noutros termos, as diferenzas sociais son máis acentuadas.

**Táboa 10.3. Comparativa do índice de Gini**

	C. Lugo	P. Lugo	Galicia
I. Gini	0,321	0,293	0,305

Fonte: EDCV (2002).

### 10.3.2 O sustentador principal do fogar como instrumento de análise

Segundo a definición do IGE, o sustentador principal é a persoa membro do fogar que tivo os maiores ingresos durante o período dun ano. Así, o sustentador principal, garante da estabilidade económica do fogar, resulta unha figura chave para avaliar o status social do núcleo familiar.

Atendendo aos criterios de sexo, idade e nivel de formación, os perfís que definen os núcleos familiares en situación máis precaria resultan aqueles en que o sustentador principal cumpre un

ou máis destes criterios: é unha muller, é unha persoa maior de 65 anos, e non ten estudos ou só estudos primarios.

Na comarca de Lugo os ingresos medios mensuais das mulleres que figuran como sustentador principal do fogar son de media 417 € inferiores aos dos homes; entre os sustentadores maiores de 65 anos rexístranse os ingresos máis baixos con 1067 € mensuais; e os sustentadores principais sen estudos ou só con estudos primarios teñen unha media de ingresos de 834 € mensuais, cifra moi inferior á media. (Fonte: IGE).

### 10.3.4 A distribución territorial da poboación segundo a renda

Como factor positivo, cómpre resaltar a heteroxeneidade na distribución espacial dos fogares con sustentadores principais xubilados ou mulleres. Só se aprecia unha moderada concentración destes colectivos en determinadas áreas da cidade como o centro histórico, o norte da cidade (zona das Gándaras e arredores do polígono do Céao), o contorno do polígono do Sagrado Corazón, e nas parroquias orientais de Torible, Camoira, Bacurín, e San Pedro de Mera, coincidindo fundamentalmente con aquelas áreas máis envellecidas.

### 10.3.5 A pobreza

Outra dimensión relevante para avaliar a equidade e cohesión social é a pobreza, entendida como factor de distribución da riqueza. O IGE considera que un fogar se sitúa por baixo do limiar económico da pobreza cando dispón duns ingresos mensuais inferiores ao 50% da media dos ingresos de todos os fogares de Galicia. Segundo esta definición, en Lugo, un 8,33% dos fogares encóntrase por baixo do limiar da pobreza, cantidade case un punto e medio porcentual inferior á autonómica e dúas décimas superior á provincial. Nos fogares por baixo do limiar da pobreza, o ingreso medio mensual non supera os 411 euros, valor dabondo significativo da importancia deste indicador como factor de exclusión social.

**Táboa 10.3 Porcentaxe de fogares baixo o limiar da pobreza**

	C. Lugo	P. Lugo	Galicia
Baixo o limiar da pobreza	8,33	8,08	9,66

Fonte: EDCV (2002).

**Táboa 10.4 Ingresos medios mensuais dos fogares baixo o limiar da pobreza**

	C. Lugo	P. Lugo	Galicia
Ingresos medios mensuais	411	358	382

Fonte: EDCV (2002).

## 10.4 Mercado de traballo

Como recomendación xeral en materia ocupacional, deberíase avanzar cara a unha estrutura sectorial e ocupacional máis diversificada e con maior presenza de actividades intensivas en coñecemento. Con este marco de actuación trataríase de paliar a elevada dependencia do emprego público, así como as limitadas oportunidades de emprego que ofrece un tecido industrial escaso e pouco diversificado. En última instancia, combateríanse os problemas de subemprego e desemprego, que inciden de forma especial sobre os activos máis novos e formados.

**Táboa 10.5 Actividade e desemprego no concello de Lugo (%)**

	Total	Homes	Mulleres
Taxa de actividade	54,2	63,5	46,2
Taxa de paro	12,4	10,0	15,2
Taxa de paro (16-24)	28,6	26,0	32,4

Fonte: Censo (2001). INE.

Sobre estas premisas deberíanse artellar outras actuacións dirixidas a amortecer algunhas das principais deficiencias e problemas que afectan ao mercado laboral de Lugo e que se traducen nunha perda de calidade de vida para os seus cidadáns, tanto a nivel individual como colectivo; se ben cómpre advertir que Lugo amosa unha situación menos grave ca outros grandes núcleos urbanos galegos.

Desde a perspectiva da equidade e cunha grande repercusión na calidade de vida dos seus cidadáns, resulta particularmente relevante a equidade no acceso da muller ao mercado de traballo, especialmente nos tramos de idade máis problemáticos (menos de 25 anos e máis de 45). As taxas de actividade, ocupación e paro por sexo (maiores taxas de actividade e de ocupación no caso dos homes e maiores taxas de paro no caso das mulleres) e por idade amosan unha notable desigualdade no acceso ao mercado laboral por xénero.


Por último, sería conveniente avanzar nos programas de conciliación da vida laboral e familiar, o que repercutiría nunha maior calidade de vida dos cidadáns lucenses. Cómpre lembrar aquí que son as mulleres, as máis das veces, as que tenden a soportar exclusivamente todo o peso desta falla de conciliación, sacrificando en moitos casos as súas oportunidades de desenvolvemento sociolaboral.

### **Localización**

A maior taxa de paro localízase no norte –zona das Gándaras e arredores do polígono do Ceao–, noroeste –contorno da rúa Lamas de Prado–, leste –contorno do Polígono Sagrado Corazón– e sueste –zona oriental da Avenida de Madrid, Muxa, San Fiz, Montirón e Tolda de Castela– da cidade. Nestas áreas, por outra parte, existe na maioría dos casos unha forte concentración de traballadores sen cualificación e menor presenza de man de obra encadrada no sector servizos da cidade (VÉXASE MAPA 10.3).



Mapa 10.3 Porcentaxe de poboación desempregada



Fonte: INE. Censos 2001.

### 10.4.1 Estrutura ocupacional

Unha revisión exígua á estrutura sectorial do mercado laboral lucense ofrece, sen lugar a dúbidas, un perfil claramente terciarizado, con máis do 77% dos ocupados empregados no sector servizos. Esta cifra, aínda sendo alta para os parámetros de Galicia, é superada en cidades como A Coruña ou Santiago. Tal resultado é propio de núcleos urbanos co carácter de centro administrativo e de servizos que define a cidade de Lugo. A principal contrapartida desta situación é a presenza dun peso anormalmente reducido dos empregados na industria, só un 10% do total, sendo o menor das principais cidades galegas. O emprego en actividades agrarias, mesmo sendo relativamente baixo, é un dos máis elevados das cidades galegas. Finalmente, a construción acada un volume de emprego intermedio.

Dentro da rama terciaria destacan, como principais sectores ocupacionais, os servizos relativos á Administración pública (17% do emprego terciario), sanidade (14%), educación (13%), xunto coas actividades comerciais (22%). Non obstante, só se aprecia unha certa especialización na prestación de servizos relacionados co sector público (Administración pública, educación e sanidade), que absorben preto dun terzo da poboación ocupada da cidade e máis do 40% do emprego terciario. Precisamente é esta elevada dependencia do emprego público, xunto coa escasa penetración de servizos intensivos en coñecemento, un dos principais puntos febles que se detectan na análise da estrutura económica e laboral de Lugo, na medida en que a súa natureza e evolución obedecen máis a decisións de tipo político e administrativo que a criterios económicos.

### Localización

A tradución espacial da estrutura ocupacional do concello de Lugo vén caracterizada pola seguinte distribución dos seus ocupados.


No que se refire ao emprego agrario, este localízase fundamentalmente nas seccións que rodean o núcleo urbano, coma se fose un anel periférico, e que se caracterizan polo seu carácter rural así como por un elevado grao de dispersión humana. Nas proximidades do núcleo urbano tamén se detectan zonas (Gándaras, Sagrado Corazón, Ronda do Carme, Saamasas, Castelo, San Fiz) cunha certa presenza de ocupados no sector agrario.

Os ocupados na industria tenden a localizarse na periferia norte máis próxima ao núcleo urbano –Gándaras, Croa, Paradai, Albeiros, Avenida e Estrada da Coruña–, leste – parroquias de Gondar, Bascuas, Romean, Bóveda, Recimil, etc.– e sur –San Fiz, Muxa, Tolda de Castela, Piugos, Cuiña, etc.– do concello.

No que se refire aos empregados na construción, estes tenden a concentrarse fundamentalmente nas zonas norte –Gándaras, Croa, Paradai, Albeiros, Avenida e Estrada da Coruña– con extensión cara ás proximidades da rúa Lamas de Prado e en xeral a todo o norte do concello, e sur do concello –Cuiña, Piugos e outros núcleos diseminados.


Finalmente, como era de agardar, a meirande parte do emprego no sector terciario localízase no núcleo urbano, tanto no interior do casco amurallado como nas rúas ou barrios adxacentes (VÉXANSE MAPAS 10.4, 10.5, 10.6 e 10.7).

Mapa 10.4 Porcentaxe dos ocupados na agricultura e gandería




Fonte: INE: Censos 2001.

Mapa 10.5 Porcentaxe dos ocupados na industria




Fonte: INE. Censos 2001.

Mapa 10.6 Porcentaxe dos ocupados na construción



Fonte: INE. Censos 2001.

**Mapa 10.7 Porcentaxe dos ocupados nos servizos**

Fonte: INE. Censos 2001.




### 10.4.2 Estrutura profesional

Analizando os grandes grupos profesionais (CNO, 1 dígito), obsérvase que, das 10 ramas ocupacionais establecidas, 3 son as que concentran á meirande parte dos ocupados lucenses: 6.482 persoas declaran ser “técnicos e profesionais científicos e intelectuais” (18,1% dos ocupados), 5.952 declaran como ocupación a de “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios” (16,6%), e 4.678 declaran que a súa ocupación é a de “técnicos e profesionais de apoio” (13%). En suma, estas tres ocupacións absorben preto da metade (47,7%) das ocupacións declaradas neste concello.

Merece ser destacado o feito de que profesións tales como “traballadores cualificados na agricultura e na pesca” ou “técnicos e profesionais científicos e intelectuais” superan con creces o peso relativo que estas mesmas profesións teñen noutras grandes cidades galegas. Pola contra, perde significación, en comparación co resto de concellos, a ocupación “operadores de instalacións e maquinaria, e montadores” (6,8% de Lugo fronte ao 10,3% de media dos grandes concellos galegos). Estas especificidades profesionais reflicten o reducido carácter industrial da cidade de Lugo no contexto galego.

**Gráfico 10.4 Distribución dos ocupados segundo a súa profesión (CNO 91, 1 dígito). 2001.**



Fonte: INE (Censo, 2001). Elaboración propia


Nun nivel máis desagregado (CNO, 2 díxitos), temos que as 10 ocupacións máis frecuentes son, por orde de importancia, as seguintes: “dependentes de comercio e asimilados” (6,7%), “profesionais de apoio á xestión administrativa” (4,9%), “traballadores dos servizos persoais” (4,7%), “profesións asociadas a titulacións de 2º e 3º ciclo universitario no ensino” (4,6%), “empregados domésticos e outro persoal de limpeza de interior de edificios” (4,6%), “condutores de vehículos para o transporte urbano ou por estrada” (4,5%), “traballadores dos servizos de restauración” (3,9%), “profesións asociadas a unha titulación de 1º ciclo universitario no ensino” (3,7%), “traballadores de acabado de construcións e asimilados; pintores e outros asimilados” (3,4%), e “traballadores en obras estruturais de construción e asimilados” (3,4%). En total, estas dez profesións concentran preto do 44% dos ocupados do concello de Lugo.

#### Localización

A distribución espacial dos distintos grupos profesionais amosa no concello de Lugo unha certa segregación que se manifesta sobre todo se comparamos a localización dos directivos de empresas e das AA.PP. e a dos operarios sen cualificación. Neste sentido, os operarios non cualificados tenden a concentrarse na franxa periférica do noroeste do concello – Gándaras, Paradai, Castelo así como outras zonas periféricas máis afastadas–, nas proximidades da rúa Lamas de Prado e Avenida das Américas, e en menor medida cara ás zonas da Rolda de Fingoi, rúa Afonso X O Sabio, Avenida de Madrid e Augas Férreas.


Pola contra, as ocupacións en postos de dirección de empresas e da Administración pública tenden a situarse no núcleo urbano –casco amurallado e rúas adxacentes así como no tramo comprendido entre a Porta de San Fernando e o barrio da Milagrosa ou nas proximidades da Rolda das Fontiñas, Praza do Rei ou Avenida de Madrid– se ben tamén destaca unha certa presenza de directivos en núcleos diseminados (vivendas unifamiliares) do sueste do concello arredor da estrada Nacional VI en dirección a Madrid (VÉXANSE MAPAS 10.8 e 10.9).

Mapa 10.8 Porcentaxe dos ocupados en postos de direcc. de empresas e da admón. pública



Fonte: INE. Censos 2001.

Mapa 10.9 Porcentaxe dos ocupados con baixo nivel de cualificación.



Fonte: INE. Censos 2001.


## Instrución da poboación

O nivel de instrución da poboación é un dos indicadores máis significativos do grao de desenvolvemento social, e o acceso equitativo á educación unha condición esencial para a cohesión social. Durante a década dos anos noventa, o nivel de instrución da poboación aumentou significativamente en Lugo. Así, a poboación con estudos superiores e de terceiro ciclo ascendeu desde o 10% rexistrado en 1991, ata o 15,6% de 2001. Esta evolución evidencia a transición entre os niveis de educación acadados polas novas xeracións e os das xeracións pasadas, tras a universalización da educación e a xeneralización do acceso á universidade. Esta transición resulta de vital importancia nos eidos social e económico. No primeiro, ao favorecer unha maior equidade nas oportunidades de desenvolvemento persoal, e no segundo, ao permitir unha transición gradual cara a unha sociedade do coñecemento, base para unha maior eficiencia e concorrència económica.

**Táboa 10.6 Evolución do nivel de estudos de Lugo**

	Analfabetos		Sen estudos		Primeiro grao		Segundo grao		Terceiro grao	
	1991	2001	1991	2001	1991	2001	1991	2001	1991	2001
TOTAL (%)	1,9	6,0	24,2	12,5	27,8	22,5	36,1	43,4	10,0	15,6
HOMES (%)	0,4	2,8	10,4	5,2	13,7	10,6	18,1	21,8	4,4	6,5
MULLERES (%)	1,4	3,2	13,8	7,2	14,2	12,0	18,0	21,6	5,6	9,1


Fonte: Censo (1991,2001). INE.



## Distribución espacial


A distribución da poboación no territorio segundo o seu nivel de estudos amosa unha clara correlación coa distribución da poboación segundo os grupos de idade. Deste xeito, a poboación con maior nivel de instrución localízase naqueles ámbitos demograficamente máis novos, coincidindo cos barrios do centro de Lugo. Por outra banda, a poboación que rexistra niveis máis baixos de formación concéntrase naqueles ámbitos xeográficos con menores niveis de renda e/ou unha poboación máis envellecida, como o norte (as Gándaras e arredores do polígono do Ceao), o oeste (barrios da Piringalla, Abuín, Casas) e as parroquias nororientais de Teixeiro, Rubias, Pedreda, Bóveda, ou Musa (VÉXANSE MAPAS 10.10 e 10.11).

Mapa 10.10 Porcentaxe da poboación sen estudos



Fonte: INE. Censos 2001.

Mapa 10.11 Porcentaxe da poboación con estudos superiores



Fonte: INE. Censos 2001.




## 10.5 Vivenda

Dúas consideracións deben realizarse en relación coa vivenda como elemento central de referencia para explicar os fenómenos de exclusión social. En primeiro termo, as consecuencias provocadas polo atraso na emancipación da poboación máis nova polas dificultades no acceso á vivenda, que teñen por consecuencia un fenómeno de exclusión social de novo cuño vinculado coa poboación máis nova (en moitas ocasións con elevados niveis de formación) que aprazan ata idades cada vez máis avanzadas a idade de emancipación polas dificultades de acceso á vivenda (prezos elevados, escaso mercado de alugamento), unido á crecente precariedade do mercado laboral. Este fenómeno non só incide no atraso da idade de emancipación, con evidentes consecuencias natalicias e doutra índole, senón tamén na expulsión da poboación máis nova cara á periferia.

O outro factor que cómpre considerar é a calidade das vivendas. A dispar distribución territorial das vivendas en peor estado de conservación, e a relación desta distribución cos distintos grupos sociais, evidencia unha relación entre o precario estado de conservación da vivenda e a concentración territorial da poboación de máis idade, sumándose a este factor o maior número de familias unipersoais, isto é, cada vez son máis os anciáns que viven sós. Así, a vivenda súmase aos factores que inciden na crecente conformación da terceira idade como o grupo social con maior risco de exclusión social.

As zonas da cidade onde se concentran o maior número de vivendas en mal estado de conservación son o centro histórico, o norte (as Gándaras, arredores do polígono do Ceao) e as parroquias meridionais de Saa, San Xoán do Campo, ou San Román (VÉXASE MAPA 10.12).

Mapa 10.12 Porcentaxe dos edificios en deficiente estado de conservación



Fonte: INE. Censos 2001.


## 10.6 Seguridade cidadá

En datos proporcionados pola Xefatura Superior de Policía, os delitos rexistrados en Lugo mostran un leve aumento global nos últimos anos, sendo a taxa para 2003 de 15,73 delitos denunciados por 1000 hab./ano. A pesar do aumento, esta cifra encóntrase entre as máis baixas dos grandes núcleos urbanos galegos. As razóns do aumento da taxa de delincuencia en Lugo están relacionadas co seu crecente carácter urbano, e a consecuente existencia dunha rede ampla de actividades económicas e comerciais, unha maior diversidade e desigualdade social, e unha maior relaxación dos controis socioculturais dos ámbitos rurais precedentes.

Os datos débense interpretar de maneira ilustrativa, debido a que unha elevada e inconstante porcentaxe dos delitos nunca son denunciados. Por este motivo, resultan unha fonte de información imprecisa que non permite inferir unha análise obxectiva. Non obstante, o aumento apreciado nos rexistros policiais é sintomático dunha evolución negativa da seguridade cidadá en termos xenéricos.

De especial relevancia cualitativa resulta a percepción cidadá sobre a inseguridade. Segundo os datos revelados polo censo de 2001, as zonas cunha maior percepción de inseguridade son o norte (as Gándaras e arredores do polígono do Ceao) e o oeste (Piringalla, Abuín, ou Casas) (VÉXASE MAPA 10.13).

Mapa 10.13 Porcentaxe da poboación vítima dalgún delito



Fonte: INE. Censos 2001.

## 10.7 Distribución territorial do risco de exclusión social

Para a caracterización socioeconómica do territorio, que permite identificar as áreas onde conflúen factores de risco de exclusión social, desenvolveuse unha matriz de pesos factoriais, considerando unha batería de indicadores socioeconómicos a nivel de sección censal. Os indicadores considerados foron: nivel de formación da poboación, cualificación da ocupación profesional, porcentaxe de ocupación e actividade, porcentaxe de desempregados que xa traballaran con anterioridade, porcentaxe de desempregados en procura do primeiro emprego, estrutura de idade, porcentaxe de fogares unipersoais, porcentaxe de fogares segundo o nivel de conservación do edificio en que viven e porcentaxe de inmigrantes estranxeiros. A análise factorial permite identificar distintas compoñentes para clasificar o territorio segundo distintas tipoloxías socioeconómicas.

**Táboa 10.7 Matriz de compoñentes factoriais**

Matriz de compoñentes	Compoñente			
	1	2	3	4
P. pob. est. 3º grao	0,893	0,188	-0,111	0,058
P. ocup no cualific	-0,806	-0,137	0,272	0,121
P. ocup direc empres e admón.	0,768	0,065	0,116	0,287
P. fog unipers	0,750	-0,158	0,122	0,021
P. pob. parada traballar antes	-0,672	0,133	0,026	0,327
T. activid	-0,006	0,937	-0,143	0,219
P. pob. ocupada	0,359	0,875	-0,005	-0,025
P. pob. 65 ou máis	0,319	-0,842	-0,160	0,017
P. estranx	0,207	0,004	0,752	0,249
P. pob. parad busca 1º emprego	-0,324	0,074	-0,634	0,440
P. fog en edif ben conserv	0,089	0,070	-0,325	-0,720
P. analfabet	-0,364	0,395	0,344	-0,521

Método de extracción: análises de compoñentes principais.

4 compoñentes extraídos

Fonte: INE. Elaboración propia.

Os resultados da análise permiten identificar no territorio 5 tipoloxías de áreas socioeconómicas características. As características máis salientables destas áreas, mais non as únicas, serían as seguintes:

O centro da cidade, clasificaríase como un espazo dinámico mixto conformado por clases medias profesionais e funcionarios, e xubilados. As principais características socioeconómicas definitorias serían un elevado nivel de instrución da poboación, un elevado nivel de cualificación profesional dos ocupados, un baixo nivel de desemprego, fundamentalmente entre os que xa traballaron, e unha elevada porcentaxe de fogares unipersoais.

Os barrios de Samasas, Palomar, A Cheda, San Roque e Acea de Olga definiríanse en termos de clase media urbana. As principais variables que definen estas áreas son as altas taxas de activos e ocupados, e unha estrutura da poboación notablemente nova.

O contorno da estrada vella de Santiago, San Lázaro e Mesón do Galo perfílanse como barrios populares, cunha maior concentración dos estranxeiros asentados en Lugo, e unha elevada porcentaxe de poboación parada que procura o primeiro emprego.

As Gándaras e os arredores do polígono do Ceao teñen características moi semellantes aos barrios precedentes, mais distínguense por algunhas peculiaridades como a baixa taxa de analfabetismo, e un patrimonio urbano máis degradado, pois resulta elevada a porcentaxe de fogares en edificios en deficiente estado de conservación.

Por último, o centro histórico, Saa, San Xoán do Campo, ou San Román definiríanse como contornos cun patrimonio urbano degradado, pois resulta elevada a porcentaxe de fogares en edificios en deficiente estado de conservación, se ben non amosan características marxinais, pois a taxa de analfabetismo resulta reducida.

Esta clasificación do territorio permite definir como áreas de maior risco de exclusión social os citados barrios de San Lázaro, Mesón do Galo, os arredores da estrada vella de Santiago e o Polígono do Ceao, As Gándaras, o centro histórico, Saa, San Xoán do Campo e San Roman. A pesar das accións de rexeneración física e social desenvolvidas nos últimos anos, os indicadores continúan a definir estas áreas como ámbitos prioritarios para a política social dirixida á promoción de programas de integración e inclusión social, con particular atención na poboación inmigrante, a promoción do emprego xuvenil, e as accións de rexeneración urbana.

## 10.8. A percepción cidadá

Alén dos diversos indicadores socioeconómicos, resulta fundamental como elemento de avaliación subxectiva a percepción cidadá en relación coas problemáticas máis relevantes. Ofrécense datos sobre algúns dos temas de maior relevancia, extraídos da enquisa realizada no ámbito da Axenda 21 Local, onde se revelan como problemáticas máis salientables o acceso á vivenda e a situación do mercado laboral.

**Táboa 10.8 Oportunidades de emprego**

	Porcentaxe
Moi satisfeito	2,5
Bastante satisfeito	17,0
Pouco satisfeito	36,0
Nada satisfeito	40,2
Ns / Nc	4,3
Total	100

Fonte: Instituto Sondaxe.

**Táboa 10.9 Calidade da vivenda**

	Porcentaxe
Moi satisfeito	4,0
Bastante satisfeito	47,7
Pouco satisfeito	33,1
Nada satisfeito	8,7
Ns / Nc	6,5
Total	100

Fonte: Instituto Sondaxe.

**Táboa 10.10 Posibilidades de acceder a unha vivenda -compra ou alugueiro-**

	Porcentaxe
Moi satisfeito	5,6
Bastante satisfeito	27,6
Pouco satisfeito	38,8
Nada satisfeito	23,2
Ns / Nc	4,8
Total	100,0

Fonte: instituto Sondaxe.

**Táboa 10.11. Seguridade cidadá**

	Porcentaxe
Moi satisfeito	7,0
Bastante satisfeito	47,8
Pouco satisfeito	30,5
Nada satisfeito	10,9
Ns / Nc	3,8
Total	100

Fonte: instituto Sondaxe.



## 10.9 Principais conclusións

O principal elemento que condiciona a análise é a integración social. Con este fin, escolléronse aqueles parámetros que axudan a definir este concepto e a cuantificar a cohesión social a través de diversos indicadores socioeconómicos. A elección destes parámetros é de carácter subxectivo e remite a lugares comúns, tales como o emprego, a vivenda, a terceira idade, etc.

Non se trata neste momento de realizar un repaso ou resumo dos datos presentados, que probablemente deixan marxe a moitos outros que sería posible incluír. Máis ben preténdese realizar unha valoración de carácter cualitativo e conxunto, centrando a atención naqueles ámbitos concretos que presentan maiores problemas para a estabilidade do tecido social.

Neste senso, aqueles aspectos de maior importancia, en función das súas tendencias e das dinámicas xeradas son os relacionados coa inclusión social, a degradación urbana, e a inmigración.

Faise fincapé na terceira idade porque as tendencias demográficas auguran un incremento das taxas de dependencia senil, como evidencia a análise sobre a estrutura e tendencias demográficas que rexistran un progresivo envellecemento. Ás causalidades demográficas únense tendencias de tipo sociolóxico, como as mudanzas nas pautas familiares e o papel dos maiores na sociedade, fenómeno que afecta a todos os ámbitos urbanos e do que Lugo non constitúe unha excepción. Este proceso tende a incrementar a demanda de servizos asistenciais e sanitarios dirixida ao Estado e particularmente á Administración local, pola estreita vinculación da poboación coas entidades e organismos locais, xestores dos servizos de atención.

Neste segmento de poboación en aumento é onde se rexistra o maior incremento na demanda asistencial e os maiores riscos de exclusión social, sobre todo entre os sectores de poboación máis modestos. Afrontar esta tendencia e evitar os seus previsibles efectos negativos a medio e longo prazo constitúe unha tarefa prioritaria de toda a comunidade, que esixe a posta en marcha de estratexias innovadoras que non poden circunscribirse en exclusiva ao papel do público, a pesar do rol estratéxico da entidade local como principal axente dinamizador.

O outro importante grupo social en risco de exclusión social encóntrase no polo oposto da pirámide demográfica polo atraso que sofre a emancipación dos máis novos, con maior gravidade, se cabe, entre as mulleres. As causas deste atraso son ben coñecidas. A primeira, as dificultades no acceso ao mercado laboral, e sobre todo ao mercado laboral estable, véxanse sobre o particular os datos achegados no punto relativo ao mercado de traballo. A segunda, as crecentes dificultades no acceso á vivenda. O desemprego ou o emprego precario, o encarecemento do prezo da vivenda e a ausencia dun mercado de alugamento a prezos alcanzables explican estas dificultades. As consecuencias económicas, sociais e demográficas do atraso na emancipación xuvenil son só parcialmente visibles (por exemplo a caída da natalidade, emigración) e encóntranse momentaneamente camufladas e pospostas pola solidariedade do contorno familiar, con consecuencias a longo prazo difíciles de prever. Non obstante, e sen precisar de prospeccións de futuro pouco prácticas, a situación esixe accións colectivas decididas de fomento do emprego xuvenil e da vivenda pública, evitando actuacións que promovan a segregación espacial.

Para rematar, cómpre chamar a atención sobre o fenómeno da inmigración. A centralidade de Lugo na provincia e a súa relevancia como centro urbano artellador do interior de Galicia converte a cidade en foco de atracción inmigratoria. Así, a poboación estranxeira de réxime non comunitario pasou de 357 efectivos en 1998 a 1531 en 2003, en tanto que os de réxime comunitario sufriron unha menor variación, pois pasaron de 190 a 288 no mesmo período. Estas son cifras baixas en comparación con outros núcleos urbanos españois e europeos, mais indican o inicio dun proceso que previsiblemente irá en aumento. A inmigración no só constitúe unha fonte de riqueza ao ocupar novos nichos de actividade económica, senón tamén de diversidade e enriquecemento cultural. No entanto, cando os fluxos inmigratorios non se acompañan de medidas que garantan a plena integración social e económica dos novos cidadáns, en ocasións con culturas e sistemas de valores diferentes aos da poboación de acollida, poden ser orixe de focos de exclusión e marxinación social. Constitúe un labor conxunto garantir a plena integración dos novos colectivos, e sobre todo evitar a aparición de fenómenos de segregación espacial que dificulten a integración, como de maneira incipiente se aprecia nos mapas presentados.